



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2026/G003/001018

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación das bases reguladoras e da convocatoria do Mercado Mariñeiro 2026).**

### ANTECEDENTES

1. Expediente de tramitación núm. 2026/X999/000340 co obxecto de convocar dunha nova edición do Mercado Mariñeiro das Festas do Carme.
2. Informe-proposta de motivación da convocatoria.
3. Bases reguladoras da participación no Mercado Mariñeiro das Festas do Carme en Sada 2026.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

### RESOLVE:

**Primeiro.-** aprobar as bases reguladoras que rexerán o funcionamento do Mercado Mariñeiro, que se inclúen como anexo, e proceder á súa convocatoria dentro do programa de actividades das Festas do Carme en Sada 2026.

**Segundo.-** aprobar o modelo de solicitude que se inclúe no anexo e ordenar a apertura do prazo de solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal ([sede.sada.gal](https://sede.sada.gal)).

**Terceiro.-** informar de que as autorizacións para este mercado non estarán suxeitas á aplicación de taxas das ordenanzas municipais dado que o mercado non ocupará espazos do dominio público municipal.

**Cuarto.-** publicar as bases reguladoras no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipal, co texto que se reproduce en anexo.

**Quinto.-** Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, pode Vde. interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante as Seccións do contencioso-administrativo dos Tribunais de Instancia da Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, poderá exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO: BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN NO MERCADO MARIÑEIRO DE SADA NAS FESTAS DO CARME 2026

### 1.- Obxecto

O Concello de Sada organiza unha nova edición das tradicionais Festas do Carme, en homenaxe á histórica relación sadense co mar e coa pesca, que permanece viva hoxe en día marcando o carácter da vila. É por iso que as Festas do Carme representan en Sada, sen dúbida, unha das datas máis destacadas do calendario de festexos que emanan da cultura popular.

As celebracións populares teñen un compoñente dinamizador da economía local, xunto cun potencial de atracción de visitantes. Isto supón unha oportunidade para reactivar a economía local. Este compoñente aporta un valor económico á celebración, que debe poder ser aproveitado dende unha visión de reactivación económica.

Os concellos teñen entre as súas competencias a da organización e xestión de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, segundo se recolle na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local. Con base nesta competencia e tamén nos obxectivos relacionados coa promoción cultural e económica a nivel local, a Concellería de Cultura propón celebrar unha nova edición do Mercado Mariñeiro.

O sector da artesanía presenta ao mesmo tempo un carácter artístico, creativo e utilitario. Os obxectos feitos a man poñen a arte ao servizo da funcionalidade e representan toda unha expresión cultural. Por medio desta proposta queremos destacar o valor cultural e artístico do oficio artesán e achegalo ao público da festa, destacando e apoiando o interese propio da actividade artesanal.

Por todo isto, o obxecto das bases que agora se presentan é o de establecer as condicións e o procedemento para outorgar autorizacións para ocupar espazos de uso público para organizar un mercado de artesanía de temática mariñeira dentro no marco das Festas do Carme 2026 en Sada, a celebrar nas datas do 18 e 19 de xullo.

O mercado instalarase no Paseo Marítimo de Sada, á altura da zona portuaria, entre o edificio da «Axudantía de Mariña» e a zona de finalización do carril bici, con espazo estimado para 30 postos de venda.

### 2.- Normativa aplicable

- Lei 33/2003 de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante do Concello de Sada.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

### 3.- Requisitos para participar

De conformidade co artigo 72 da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, as persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos que establezan os municipios para a súa autorización, que no caso do Concello de Sada están recollidos na Ordenanza Municipal reguladora da venda ambulante:

- Situación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, e nun epígrafe do Imposto de Actividades Económicas compatible coa artesanía ou coa venda ambulante.
- Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos e estar en posesión dun certificado de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos (no caso de ser necesario).
- Dispor dun seguro de responsabilidade civil con cobertura vixente para o período de celebración do mercado.

Ademais, para o caso concreto do Mercado Mariñeiro, serán requisitos:

- Dispor dunha carpa ou posto de venda, ambientado e decorado para recrear a temática mariñeira. As dimensións máximas das carpas serán de 4 m. lineais de frontal, con 3 m. de fondo como máximo.
- Dedicarse ao sector da artesanía en calquera das súas posibles manifestacións, realizando a man os produtos que poñan á venda.
- Tamén poden presentarse postos de venda doutros produtos, de revenda de artesanía ou de venda de segunda man.

A participación nesta feira está exenta de taxas posto que o mercado organizarase fóra do dominio público municipal, en terreos de competencia do Ente Público Portos de Galicia.

### 4.- Solicitudes de participación

O espazo dispoñible estímase que ten unha capacidade para un máximo de 30 postos coas medidas máximas indicadas no punto anterior. O Mercado Mariñeiro non se celebrará se non conta cun mínimo de 10 solicitudes.

- As bases reguladoras publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))
- O prazo de presentación das solicitudes comezará ás 09:00h do 22 de xuño e rematará ás 23:59 do 28 de xuño de 2026
- As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de xeito telemático a través dun formulario creado a tal efecto que será publicado na páxina web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))
- O persoal do departamento de cultura instruirá as solicitudes. No caso de solicitudes incompletas ou que non reúnan os requisitos establecidos, o Concello de Sada publicará na mesma páxina web a relación íntegra de solicitudes recibidas indicando aquelas que deban aportar documentación. Disporán dun prazo máximo de emenda de 5 días hábiles contados a partir da data de publicación do requerimento, acurtado para este procedemento debido á facilidade de obtención da documentación necesaria. No caso de non responder ao requirimento, entenderase o desestimento da solicitude.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- As solicitudes recibidas que cumpran todos os requisitos á finalización do prazo de solicitude e de emenda propóranse para aprobación. As solicitudes incorrectas ou incompletas á finalización deste prazo serán denegadas.

## 5.- Documentación a presentar no propio formulario de solicitude

- DNI ou NIF
- Certificado de situación censual
- Alta de autónomos e copia do último recibo mensual
- Copia da póliza de seguro de RC e copia do xustificante bancario do pago do último recibo
- Carné de manipulador de alimentos (no seu caso)

## 6.- Proceso de selección de participantes

No caso de que a organización reciba máis solicitudes correctas que o número de prazas dispoñibles, aplicará os criterios que se recollen na seguinte táboa para establecer unha orde de prelación. As prazas outorgaranse segundo esa orde de prelación, ata esgotar os espazos dispoñibles.

Coas persoas que quedasen sen praza nesta primeira selección abrírase unha listaxe de agarda, para o caso de que algunha das seleccionadas renuncie ou non poida participar finalmente. As prazas que quedasen vacantes ofreceranse ás persoas da listaxe de agarda, seguindo a orde de prelación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN MERCADO MARIÑEIRO	PUNTOS
Solicitantes con carné/carta de artesá/n *(unicamente se terá en conta cando estea relacionado cos produtos que porá á venda)	3
Produtos elaborados a man, non revenda (necesario fotografías)	2
Produtos relacionados co mar ou cos oficios do mar (necesario fotografías)	2
Postos relacionados con outros oficios tradicionais	1
Economía circular (produtos elaborados con materiais reciclados)	1
NOTA: A puntuación dos diferentes criterios é acumulable. EN CASO DE EMPATE: tomarase a orde de entrada da última documentación presentada que servise para completar a solicitude	
Excluíranse aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos das bases	

## 7.- Autorización e distribución de espazos



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

A listaxe definitiva de postos asignados publicarase no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello de Sada ([www.sada.gal](http://www.sada.gal))

A organización será quen distribúa os espazos dispoñibles entre os postos autorizados. Con esta distribución tratarase de respectar, na medida do posible, a separación entre produtos iguais ou da mesma natureza.

O Concello resérvase a posibilidade de modificar a distribución dos postos por causas organizativas ou de seguridade.

## 8.- Desenvolvemento da feira

O Mercado mariñeiro enmárcase dentro da programación da Festa do Carne que organiza a Concellería de Cultura, sendo un dos contidos habituais do programa de actividades festivas.

As persoas participantes disporán dun tempo para a montaxe das súas propias carpas ou do material que forme a súa parada. Para as tarefas de montaxe e desmontaxe poderán acceder cos seus vehículos á zona de exposición e venda, no paseo marítimo portuario, debendo retirar os vehículos unha vez rematada a tarefa.

Será por conta das persoas participantes a decoración dos postos con ambientación e vestiario de temática mariñeira, en sintonía co motivo da celebración.

Cada posto disporá de acceso a un cadro de subministración eléctrica a unha distancia non superior aos 15 m.

### 8.1.- Horarios

O Mercado Mariñeiro celebrarase nas datas do sábado 18 e o domingo 19 de xullo, dentro do marco das Festas do Carne de Sada e coas seguintes referencias:

- **MONTAXE:** sábado 18 a partires das 9:00h e con finalización ás 12:00h. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de montaxe, dentro do Paseo Marítimo, debendo retiralos unha vez rematada a descarga de materiais.

Non haberá zona de aparcamento reservada para os participantes no Mercado Mariñeiro, se ben agárdase que exista espazo suficiente na zona próxima.

- **HORARIOS DE VENDA AO PÚBLICO:**
  - o Sábado 18: de 12:00 a 22:00h \*
  - o Domingo 19: de 12:00 a 21:00h

\* O horario de peche poderá ampliarse de xeito voluntario ata a finalización das actividades musicais programadas.

- **SEGURIDADE NOCTURNA:** o Concello ofrecerá un servizo de vixilancia nocturna na zona do mercado mariñeiro para garantir a seguridade dos postos de venda.

O servizo estará operativo entre as 22:00h do sábado 18 de xullo e ata as 12:00h. do domingo 19 de xullo. A organización non se responsabilizará da vixilancia dos postos fóra dese horario.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- **DESMONTAXE:** o domingo 19 de xullo a partires das 21:00h. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de desmontaxe, dentro do Paseo Marítimo. As persoas participantes deberán desmontar os seus postos inmediatamente despois da finalización do mercado, e deixar o espazo público nas condicións de uso e limpeza iniciais.

**NOTA:** Cada participante deberá comprometerse a manter a actividade no seu posto durante o horario de venda ao público.

## 8.2.- Actividades

O mercado beneficiarase do programa de actividades das Festas do Carme, xa que todas as actividades e espectáculos programados durante a fin de semana aportarán unha dinamización positiva na área de organización. O programa de actividades mobilizará a presenza de públicos variados, dos que poderá beneficiarse secundariamente o mercado mariñeiro.

Os contidos do programa poderán incluír propostas como as seguintes:

- Pasarrúas de música tradicional
- Misa mariñeira e procesión marítima (en colaboración coa Confraría de Pescadores de Sada)
- Sardiñada popular (en colaboración coa Confraría de Pescadores de Sada)
- Actuacións de baile folclórico
- Concerto
- Actividades lúdicas no porto

## **9.- Obrigas das persoas seleccionadas**

- Participar no Mercado Mariñeiro, exercendo a venda ao público dos seus produtos artesanais durante os horarios establecidos.
- Respetar os horarios da feira (punto 8.1). No caso de choiva ou meteoroloxía adversa a organización será flexible cos horarios, previo acordo coas persoas participantes.
- Aportar a carpa e o material que cada participante necesite para instalar un posto de venda decorado con estética mariñeira.

## **10.- Protección de datos**

Para participar nesta actividade é necesario presentar documentación con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para a organización da convocatoria. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da tramitación da convocatoria ata a súa finalización.

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e segundo as condicións reguladas na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar xestións relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben a través do enderezo electrónico [dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal)

### 11.- Disposición final

A organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade en calquera posto que non se adapte aos requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Sada, data da sinatura dixital

O alcalde,



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

### ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO MARIÑEIRO 2026

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA PERSOA/ENTIDADE SOLICITANTE:	
DNI/NIF:	
TELÉFONO:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
NOME DO POSTO DE VENDA:	
DESCRIPCIÓN DOS PRODUTOS OFERTADOS:	
PORCENTAXE DE PRODUTOS QUE ESTÁN ELABORADOS A MAN:	
NO CASO DE EMPREGAR MATERIAIS DE RECICLAXE, DESCRIBILOS:	DESCRIPCIÓN: SI / NON
CARNÉ/CARTA DE ARTESANÍA:	SI / NON
NECESIDADES ELÉCTRICAS:	
OBSERVACIÓNS:	

#### SOLICITA

Participar no Mercado Mariñeiro que terá lugar nos vindeiros días 19 e 20 de xullo. Como solicitante manifesto coñecer as Bases de participación e comprométome a cumprilas, así como a cumprir coa normativa laboral e coa normativa específica da miña actividade económica.

Asdo.

En Sada, a                    de                    de 2026.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

*\* A solicitude acompañarase da documentación requirida no punto 5 das bases reguladoras.*